

II Certame literario de Microrrelatos Nsa. Sra. dos Remedios (curso 2021-22)

O concurso de microrrelatos ten como obxectivo descubrir o talento literario e espertar a imaxinación dos alumnos de ESO do colexio.

O concurso convócase baixo a modalidade de concurso escrito no que se outorgarán os seguintes premios:

-1º premio: **TABLETA ELECTRÓNICA.**

-2º premio: pen-drive e lote de libros.

-3º premio: pen-drive e lote de libros.

Así mesmo, cada un dos participantes do microrrelato recibirán un 0,25 na nota media final da 3ª avaliación ben na materia de Lingua castelá ben na de Lingua galega e 0,5 o gañador.

Dereito a participar

Pode participar no concurso calquera alumno de ESO do colexio.

Requisitos para participar

Os participantes deberán entregar ao titor os seus microrrelatos, cuxa extensión **non poderá exceder as cen (100) palabras** (sen incluír o título do relato). A temática é libre e deberá remitirse escrito a computador en español ou galego (tipo de letra: **calibri 12**); deberá ser orixinal e inédito (isto é, non debe ser publicado en ningún medio ou soporte). Deberá coidarse a correcta ortografía e linguaxe. O prazo para entregar os microrrelatos abrírase **o luns día 09 de maio e expirará o xoves 26 ás 14:20**. Non se admitirá a concurso ningún microrrelato enviado fóra de prazo e en xeral calquera outro microrrelato que non cumpra as condicións expresadas nas presentes bases. O microrrelato deberá ir asinado cun pseudónimo e incluílo nun sobre grande (tamaño A4); no seu interior deberase incluír outro sobre pequeno onde deberán identificarse co pseudónimo empregado e o seu **nome, apelidos e curso**. Só se poderá presentar un microrrelato por alumno.

Un xurado composto por cinco profesores do claustro de ESO seleccionarán os tres microrrelatos finalistas, un dos membros será a Xefa do Departamento de Linguas do colexio.

En caso de empate, entre dous ou máis microrrelatos, desempatará o voto da Xefa de Departamento de Linguas.

Cuestións xerais:

-Todas as decisións do xurado serán tomadas nunha única votación por maioría de votos.

-O xurado resérvase o dereito de non admitir a concurso aqueles microrrelatos que, entre outros, atenten contra os dereitos á intimidade, honra e propia imaxe de terceiros, ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, lascivos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade de terceiros, contra a moral e/ou contra a orde pública.

-Toda decisión do xurado será irrevogable, podendo declarar o premio deserto, se tras unha análise minuciosa dos microrrelatos enviados, ningún tivese a calidade suficiente.

Aceptación das bases

-O participante acepta expresamente cumprir todas e cada unha das BASES do presente concurso.

-O incumprimento dalgunha das BASES dará lugar á exclusión do participante do presente concurso.

-Pola súa banda, os datos persoais dos gañadores e finalistas do concurso serán comunicados publicamente na calquera medio relacionado co Concurso, incluíndo páxinas web e páxinas oficiais en redes sociais, todo iso para promocionar e garantir a transparencia do Concurso.